





RIBEIRA DO TAMBRE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 5 km (lineal)
Dificultade: baixa
Duración: 4 horas (ida e volta)




Balsa de Lens

Ruta lineal pola beira do Tambre, no concello de A Baña, entre a área recreativa de Fiofians e Portochán. Ideal para facer na primavera antes de que o mato cegue o carreiro. Permite gozar do discurrir lento do Tambre e dos espellos das balsas camiñando por fermosas carballeiras nas que destaca o carballo de Canceiros de case 6 m de perímetro. **COMO CHEGAR:**

En Fiofians cóllese o desvío indicado "Ribeira do Tambre" que leva á área recreativa onde se deixa o coche. A ruta iníciase cruzando o río Portalaxe e remonta o río case sempre apegada á beira. Á volta pódese atallar pola pista entre Portochán e Vilacova e baixar desde alí ao río.



Areas



Carballo en Canceiros.